

AUNIOS


Nº 21


MAIO 2016



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns





APUNTAMENTOS DA ILLA DE ONS E A FALANXE

Por: Arturo Sánchez Cidrás

Co inicio da Guerra Civil incrementase o control da subministración dos produtos de primeira necesidade en todo o territorio español.

No que atinxe á poboación da provincia de Pontevedra, ao igual que o resto das zonas baixo dominio franquista, este control é coordinado ao máis alto nivel pola Xunta de Abastos. Entre as fins deste organismo estaban o realizar previsións de necesidades, e de ser preciso, conseguir unha correcta redistribución das axudas así como evitar abusos nos prezos dos produtos. Esforzos que, a pesar da exemplaridade nos castigos e multas, non acadaron todos os obxectivos propostos.

Se difíciles foron os anos de contenda as verdadeiras dificultades comezaron sobre todo ao finalizar esta e ter que reconstruírse un país coas súas fontes produtivas devastadas, cun illamento do exterior, cun conflito bélico globalizado e cun longo etcétera de causas políticas e económicas que fan que as penurias se ceben na poboación. Miseria que se palpa máis no rural, na costa, nas pequenas vilas e, como caso extremo, nas zonas illadas.

Para facer fronte a esta crecente demanda de axuda aparecen diversas organizacións benéficas propiciadas pola igrexa, particulares e, sobre todo, polo propio Estado ou organizacións afíns ao mesmo.

Quizais a que máis influencia tivo, e durante máis tempo, foi a coñecida como Auxilio Social que chegou a aglutinar a todas as institucións asistenciais.

O Auxilio Social incorporouse oficialmente á Falanxe no I Congreso Nacional da Sección Feminina en xaneiro de 1937. Favorecida polos cambios que aportaron distintas Leis e Decretos ao longo do 1938 que lle permitiron soporte legal, estabilidade económica, control de subvencións, etc. e que a colocan, sobre todo a partires de maio de 1940, como a máis relevante institución benéfico-social do réxime.

Polo que non é de estrañar que xa a partires de 1938 se incremente o lanzamento de novas “misións” onde axudar aos máis pobres mestúrase coa propaganda e adoutramento nos principios do nacional-sindicalismo.

Estas son as premisas que serven de introdución para entender o anecdótico, pero interesante pola súa utilización política así como de indicación de misería extrema, dun período doloroso no noso país e no concreto na Illa de Ons.

De forma case que telegráfica, sen abondar moito na explicación, pois son apuntamentos moi claros e esclarecedores en si mesmos que dan testemuña dunha época que aínda segue na memoria duns poucos e que ninguén debería esquecer:

O 25 de marzo do 1938 foi nomeado Xefe Local de Falanxe na illa de Ons, Juan Luís Aguirre Pallarés, de 33 anos, de profesión Torreiro de Faros con destino no da Illa de Ons, onde vivía coa súa esposa, dous fillos e unha serventa.



JEFATURA PROVINCIAL DE FALANGE ESPAÑOLA TRADICIONALISTA Y DE LAS J. O. N. S.

NOMBRAMIENTOS

En virtud de las atribuciones que me confieren los Estatutos de nuestra Organización, vengo en nombrar Jefe Local de Falange Española Tradicionalista y de las J. O. N. S., de Isla de Ons, al camarada:

JUAN LUIS AGUIRRE

Por Dios, España y su Revolución Nacional-Sindicalista.
Vigo, 25 de marzo de 1938. II Año Triunfal.
El Jefe Provincial, *Jesús Suevos*.



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

Na penúltima semana do mes de maio do 1938 celebrouse en Pontevedra o Congreso provincial da Sección Feminina de Falanxe Española Tradicionalista. Na clausura do mesmo, e ante ás autoridades civís e militares o Xefe Provincial pediulles cooperación “*para a obra que se propón levar a cabo a Sección Feminina, de instalar na illa de Ons un campamento para combater a miseria na que aquela illa que case abandonada, viven co atraso e a desidia. Irán as nosas mulleres –dixo- a levar amor e dozura co pan branco para que en vez de odiarnos vaian aprendendo a amar.*”

O 6 de xullo de 1938 na clausura en Vigo da Exposición do “Documento Nacional” o xefe provincial do Consello Nacional de Falanxe, Jesús Suevos, deu o discurso titulado “Lección y orden de la Guerra y la Revolución de España”. Case ao final da peroración e falando dos pobres dixo: “*...lembrar nestes momentos a estampa terrible dos que habitan na illa de Ons non fai apenas unhas horas visitada pola Falanxe –e que entren pola porta grande a España que levamos no corazón...*”

A finais de xullo do 1938, Ons segue a ser branco das miradas de axuda e propaganda pero esta vez dos membros da Central Nacional Sindicalista. Polo que temos que o día 20 o xefe provincial sindical, Díaz Obregón con outros membros da mesma acoden a Ons para facer entrega “*dalgúns útiles para a pesca, que eran moi necesarios ás pobres xentes que ali viven*”. Din que dado o estado no que se encontran aos habitantes da illa será “*probablemente corrixido polas institucións do novo Estado, e a tan humanitaria finalidade oriéntanse algúns traballos que se traducirán en cordiais realidade...*”

No novembro do 1938 os mestres tiñan que comunicar por escrito ao Presidente do Consello Local de 1ª Ensinanza do concello que fora “*lída a lección dedicada A José Antonio Primo de Rivera para explicar a súa vida e a súa obra*”. Todos os mestres do municipio reportaron o correspondente oficio confirmando a lectura na escola ao seu cargo da lección “*Vida e obra de José Antonio Primo de Rivera*”. Na Illa de Ons o mestre Elías Regueira Alonso o fixo con dilixencia pois estaba neses momentos “*cuestionado*” ante a alcaldía por algúns “*colonos*”.

A finais do mes de marzo de 1939, e a pesar das penurias dos habitantes de Ons, atopámonos coa noticia de que en Burgos recibíuse, dentro da subscrición “*Pro poboacións liberadas*” a cantidade de 165,25 pesetas entregadas polos modestos habitantes da illa de Ons (Pontevedra) e todo baixo o título “*Simpático donativo dos habitantes de Ons*”

En contraposición ao anterior achamos unha carta do Xefe Local da Falanxe en Ons, Juan L. Aguirre, dirixida o 24 de xullo deste mesmo ano, ao Alcalde de Bueu na que lle remite unha relación de veciños e habitantes da illa relacionada co “*subministro de víveres que se fai urxente, fágase o antes posíbel, dada a grande falta de pan que se deixa sentir, pois a maioría esgotaron todos os recursos e coméronse xa os centeos recentemente collidos*”.


Días despois, o 31 de xullo, volve a escribirlle unha carta ao alcalde indicándolle a forma de reparto, modificacións na relación de habitantes e outras peticións:

“Recibidos os dous sacos de fariña, fíxose o reparto da mesma entre os veciños da Illa, por medio de vales e correspondendo por individuo a cantidade de medio quilo; sobrando unha pequena cantidade de catro quilos a cal unirase ao próximo reparto.

Por non dispor de medios esta primeira partida foi repartida na tenda. As sucesivas partidas repartíranse no local da Falanxe; para o cal xa temos todo disposto, sempre que vostede non ordene outra cousa.

Na relación que se lle mandou deixouse de poñer por esquecemento a casa de Manuel... (aquí cita incidencias de tres unidades familiares); sendo polo tanto o resumo o seguinte: Cabezas de familia 61 e número total de habitantes 392.

E V. comprenderá que a cantidade de fariña repartida é insuficiente. Se non é posíbel mandar partida maiores; entón faise indispensábel tres destas partidas por semana para poder abastecer de pan esta Illa. Os veciños desta Illa pídenme comunique a V. que se da mesma forma poderían abastecerse de aceite nesta localidade, mediante o envío de bidóns que aquí repartiríanse na forma que V. indicase e co cal evitaríase os prexuízos que lles ocasiona o ter que presentarse nesa (ante o grande favor que V. lles fai de abastecelos de aceite) a maioría das veces nas súas ‘dornas’ por non poder transportalos Agustín polo pequeno bote que hoxe emprega.”



Con data de catro de novembro de 1940 o alcalde envía a todas as escolas una notificación B.L.M (“Besa la mano”) para que os mestres solicitaran aos seus alumnos e aos seus “maiores” conseguiran chatarra dentro dun plan de “traballar en pro de útiles para a Patria”. En Ons, dada a precariedade de medios e ao illamento, esta campaña non tivo ningunha repercusión práctica¹.

O dous de xaneiro de 1946 unha numerosa comisión de pescadores da illa de Ons acompañados do xefe local do Movemento na illa visitaron ao Gobernador civil de Pontevedra, Luís Ponce de León.

“O obxecto da visita foi o de expresar todo o agradecemento dos veciños da Illa cara o señor gobernador, polo decidido apoio e as numerosas axudas prestadas por este en favor dos mesmos.

Visitan al Excmo. Sr. Gobernador civil los pescadores de la Isla de Ons
Expresaron su adhesión al Caudillo de España y al Movimiento

Ao mesmo tempo fixeron constar todo o agradecemento e fe que teñen posto os humildes pescadores daquela Illa no Xefe do Estado e do Movemento, que cunha acertada política de realidades van mellorando as condicións de vida de todos os españois, e especialmente no que respecta á situación dos habitantes da illa.”

E, “como en anos anteriores, e a continuación, o señor gobernador civil procedeu a facer entrega do aguinaldo extraordinario.”

E o gobernador escribelle un telegrama ao secretario de Franco co seguinte texto: “Numerosa comisión humildes pescadores Illa de Ons esta provincia, que viven illados gañando duramente en loita co mar pobre sustento, visítanme día hoxe para expresar por meu conduto Caudillo inmensa gratitude por atención socorro constante prestado este Gobierno cumprimento consigna Franco, contrastando co abandono en que viñeron ata chegada glorioso Movemento...”



Para estímulo dos Correspondentes da Obra Sindical “Previsión Social” a Orde de Servizos número 64 establecía recompensas a dúas persoas en cada mes do ano. Os premios eran outorgados pola Xefatura Nacional, a proposta do Xefe provincial, para os que este consideraba que o mereceran.

Constatamos que no mes de maio de 1946 foi premiado o “Correspondente Local da Illa de Ons o camarada José Martínez Sidrach-Cardona”.

Uns anos despois, 1949-1950, Ons vai caendo no esquecemento para as institución de Beneficencia e Axuda. Así pódese constatar que nas relacións² de Familias Pobres do concello de Bueu ás que se lle adxudican vales de Nadal para artigos de alimentación non aparecen ningunha da illa de Ons.

Bibliografía:

- Agro: Portavoz das Irmandades de labregos e gandeiros da provincia: 01 de decembro de 1946 pág. 4
- Arquivo Xeral da Administración, Secretaría Xeral do Movemento, Delegación Nacional de Provincias, Caixa 98
- Arquivo Municipal de Bueu. Carpeta nº 166, 167, 1135-003, 1345 e 1346
- El Compostelano : 21 de decembro de 1945 pág. 2
- El Diario de Pontevedra: 24 de maio de 1938 pág. 2 e 20 de xullo de 1938 pág. 2
- El Pueblo Gallego: 6 de xullo de 1938 pág. 4; 26 de marzo de 1938 pág. 2; 31 de outubro de 1938 pág. 2; 6 de novembro de 1938 pág. 5; 28 de marzo de 1939 pág. 3; 3 de xaneiro de 1946 pág. 1
- Galicia Nueva: 25 de agosto de 1936
- González Leirós, Xoán; “Expansión de la miseria y auxilios de falange. Pontevedra, 1939-1945” en “Espacio, Tiempo y Forma”, Serie V, Historia Contemporánea. 14, 2001, páxs. 381-418
- Sánchez Blanco, Laura; “Auxilio social y la educación de los pobres: del franquismo a la Democracia” Foro de Educación, Nº. 10, 2008 páxs. 133-166

¹ Non así na escola de Beluso, dirixida polo mestre Antonio José Iglesias López, que conseguiu unha aportación “superior a cen quilogramos” de chatarra.

² No 1949 recádanse de donativos, sen contar a axuda governativa, 3102,50 pesetas e se reparten 272 vales e no 1950, 2256 pesetas a repartir en 139 vales.